

**ACTA NUMERO DOCE DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA DEZANOVE DE
XUÑO DE DOUS MIL OITO :-.....**

=====

PRESIDENTA :
D^a Catalina González Bea

- CONCELLEIROS/AS:**
D. Angel Casal Moldes
D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D^a Susana Fernández Trelles
D. Martín Otero Otero
D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José-Ramón López Fernández
D. Manuel Lores Puente
D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTE:
D^a Gloria González Camiña

SECRETARIO ACCTAL.:
D. Luis-Angel Sabariz Rolán

=====

No salón de actos da casa consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de xuño de dous mil oito. Baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as sres/as. concelleiros/as que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión extraordinaria da corporación municipal en Pleno deste concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. -----

ACTA ANTERIOR:

157: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 27 DE MAIO DE 2008. Pola **Sra. presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún concelleiro/a ten que formular algunha observación ó acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

158: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO “REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO (ROM)”. Antes de tratar este punto, a **Sra. alcaldesa** manifestou que este asunto foi incluído na orde do día, aínda sen informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais por razóns de urxencia.

Sometida a urxencia a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (Grupo Municipal do PP).

Abstencións: sete (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, ratificouse a inclusión e de acordo co artigo 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, pasouse a debater o asunto.

Polo **Sr. secretario** dáse lectura á **proposta da alcaldía** que literalmente di:

“REGULAMENTO ORGANICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO.

Para regular as diversas situacións que se producen nos órganos colexiados e para tratar outras materias, o Concello de Sanxenxo precisa a aprobación dun regulamento orgánico. Deste xeito debe quedar claro aspectos tan importantes como o carácter das mocións que se presentan, o número das mesmas, a quenda de intervencións dos concelleiros/as nos asuntos, os tempos máximos das intervencións, a quenda de rogos e preguntas así como o número das mesmas, o carácter oral ou escrito, etc.

Considérase moi positivo contar cun texto que baseado na Lei 7/1985, do 2 de abril, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia regule as cuestións anteditas, xa que moitas delas non están desenvolvidas no RD 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Analizado o documento elaborado e a normativa legal, esta alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar o **Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Sanxenxo (ROM)** que consta de **29 artigos e 1 disposición final.**

SEGUNDO: abrir un prazo de información pública de 30 días para a presentación de alegacións ou suxestións, en caso de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado este regulamento que ata entón é provisional.””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que era increíble que un regulamento orgánico para regular a vida corporativa (relacións entre concelleiros e grupos, relación cos veciños, etc.) non se tentara de consensuar nas comisións informativas, tendo en conta que é un documento básico e que se debían achegar posturas. Engadiu que VIPS estaba máis preto de chegar a acordos do que crían e que había que analizar ó texto xunto coas leis e, incluso, coa constitución española. Solicitou a retirada do asunto para que quedase sobre a mesa por uns días, porque non había urxencia algunha e así podería haber consenso na comisión correspondente. Dixo que había artigos que poderían ser ilegais e anunciou que impugnaría o texto no caso de seren aprobados. Rematou dicindo que ía ler un escrito con argumentos xurídicos para reflectir no acta, no caso de que o regulamento fose aprobado.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que era necesario o regulamento aínda que tiña algúns artigos presidencialistas, como o de non consensuar as ordes do día dos plenos, e outros bastante ambiguos. Engadiu que, aínda considerando o texto como mellorable, por operatividade e axilidade era necesario o ROM. Rematou dicindo que ían votar a favor.

O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifestou que o seu grupo lamentaba que o regulamento non fora debatido en comisión para que houbera unha “entente” cordial nunha cuestión importante. Preguntoulle á Sra. alcaldesa se estaría disposta a aceptar emendas porque había artigos bastante presidencialistas e precisábase ter unha xunta de voceiros con contido. Engadiu que este último órgano non tiña sentido se quedaba baleiro de funcións, pois se todo era vontade da presidencia para qué se quería á xunta. Tamén dixo que non entendía como non había referencias á normalización lingüística que era incumplida sistematicamente no concello. Rematou dicindo que, dependendo da aceptación ou non de emendas, votarían a favor ou en contra do documento.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, manifestou que aínda que non hubiera comisión o ROM resultaba necesario e que o texto cumpría coa normativa, respectando o principio de igualdade. Cualificou de vergoñento o comportamento dos concelleiros da oposición por marcharse antes de comezar a comisión informativa que ía debater o regulamento. Tamén dixo que os membros do goberno chegaran tarde porque viñan dunha sesión da empresa municipal “Nauta” e que esa actitude dos concelleiros da oposición é un insulto e un fraude ós veciños. Engadiu que o goberno municipal sempre tivera un tratamento exquisito coa oposición á hora de realizar as comisións informativas e así cando había tres sesións para as 10, 11 e 12 horas, realizábanse unha despois da outra para que os concelleiros non perderan toda a mañá. Indicou que, a partir de agora, solicitarán a alcaldesa, que cada comisión se realice xusto á hora que fora convocada. Rematou dicindo que o ROM debía contar cun amplo apoio tamén dos demais grupos, pois senón non era así, suxería a retirada do punto da orde do día.

O Sr. Rodríguez Lorenzo manifestou que non desexaba entrar no tema da comisión informativa aínda que dixo que os membros da oposición non marcharan da sesión, senón que o órgano non fora constituído. Engadiu que doeulle que estando case 20 minutos esperando ninguén lle ofreceuse unha explicación. Tamén dixo que tiña un listado de artigos do ROM, que baixo o seu xuízo, incumprían a legalidade. Rematou dicindo que había que debater estes temas na comisión informativa.

A **Sra. Aguín Pombo** manifestou que ó grupo de goberno parecía que lle gustaba o réxime ditatorial. Lembroulle ó Sr. Casal Moldes que eles vivían do seu traballo e tiñan que desprazarse, polo que, alomenos, tiñan dereito a unhas explicacións sobre o atraso nas comisións. Engadiu que, se houbera dignidade e vontade, a sesión da Comisión de Asuntos Xerais pudo ser despois da de contas, realizada ás 13:00 horas. Rematou dicindo que, despois de escoitar ó Sr. Casal Moldes xa dubidaba do sentido do voto do seu grupo.

O **Sr. Fernández Lores** criticou as manifestacións do Sr. Casal Moldes na primeira parte da súa intervención, engadindo en relación coa segunda parte, que lle agradaba que se pretendese a retirada do texto do regulamento.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que se os grupos da oposición que promoveran o regulamento non o apoian, procederíase á retirada.

Tamén dixo que o grupo de goberno quixo realizar a comisión informativa e así foron chamados, logo do atraso, ós membros da oposición, pero manifestou que dous deles expresaron que a Comisión de Asuntos Xerais xa a daban por realizada.

De seguido, deu lectura á **dilixencia** que efectuou o **secretario da comisión informativa** que literalmente di:

“**DILIXENCIA:**

Para facer constar que sendo as doce horas do día dezaseis de Xuño actual, se encontraban na antesala da de Xuntas da Casa Consistorial ós Concelleiros D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, D^a. Dulcinea Aguín Pombo e D. José Luís Rodríguez Lorenzo para asistir a sesión da Comisión Informativa de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, convocada para dita hora.

Ás doce horas e dezasete minutos abandonaron o recinto.

Ás doce horas e vintedous minutos compareceu a Sra.. Alcaldesa D^a. Catalina González Bea e o Tenente de Alcalde D. Salvador Durán Bermúdez, manifestando que viñan, sen demora, das instalacións de Nauta Sanxenxo, S.L. sitas no Porto Deportivo da Vila, onde acababan de celebrar unha reunión do Consello de Administración de dita sociedade, que se prolongou máis do proxectado. Polo Secretario da Comisión se lles informou da ausencia dos Sres/a. Concelleiros/a.

Se require a presenza na Sala de Xuntas do Secretario Accidental D. Luís Angel Sabariz Rolán a quen se pon en antecedente dos feitos, e a Sra.. Alcaldesa lle pregunta si pode celebrar a sesión co representante do Grupo Municipal do Partido Popular.

O Secretario manifesta que non se pode celebrar a sesión por falla de quórum, por canto tanto a Lei de Bases de Réxime Local establece que ningún Órgano Colexiado se pode constituír sen que estean presentes tres membros do mesmo, cousa que neste caso non se da, se ben é certo que nestas Comisións Informativas o Axuntamento está organizado distribuíndo entre os vogais dos Grupos Políticos Municipais a representación do voto ponderado, pero tal circunstancia non suple a esixencia lexislativa da presenza física de tres compoñentes.

A Sra.. Alcaldesa expón que é de urxente necesidade a aprobación dos regulamentos, e pregunta se pode incluír na orde do día do próximo Pleno tales asuntos, aínda que non dictaminados. O Sr. Secretario contesta que si pode incluílos na orde do día do Pleno a celebrar próximamente, quen deberá votar a inclusión de tales asuntos na orde do día, e de conseguir o plácet corporativo, se procedería a debate e acordo. Posteriormente, ó convocar a próxima sesión da Comisión Consultiva de Asuntos Xerais, se lle daría conta de tal feito para coñecemento.

A extendo en Sanxenxo, sendo as doce horas corenta minutos do día dezaseis de Xuño de dous mil oito.””

Rematada a lectura, a **Sra. alcaldesa** manifestou que podería entender que os concelleiros da oposición tivesen presa, pero criticou o feito de que estando tomando un café nun bar, como estaban, contestasen a chamada do concello dicindo que daban a comisión por feita. Despois de iso, afirmou, non é de recibo de que, por enriba, se lles chame ditadores. Lembrou que en moitas ocasións, foran adiantadas a realización das comisións para facilitar o labor dos membros da oposición pero anunciou que a partir de agora nunca máis “ía correr” e convocaría ós órganos colexiados co espazo de tempo que corresponda. Tamén quixo desculparse cos membros do consello de “Nauta” ós que case deixou coa palabra na boca por vir ás comisións, cos compañeiros do goberno municipal e cos veciños de Sanxenxo que non merecen estas actitudes. Engadiu que o ROM fora proposto ó goberno polo BNG e o PS de G-PSOE que non soportaban o protagonismo do VIPS e que non aturaban que o representante do grupo mixto presentara “máis de cincuenta preguntas”. Indicou que enviaron o texto do regulamento, despois de realizar algunhas variacións, ó BNG e ó PS de G-PSOE con seis días de antelación á comisión, e non dixeron nada e, aínda por enriba, se foran da comisión. Recalcou que isto non era un “cachondeo” nin “un grupo de títeres”, pois Sanxenxo era un concello serio. Tamén dixo que era unha competencia súa fixar a orde dos días dos plenos e sería un “suicidio” que tivera que facer a convocatoria coa oposición. Rematou solicitando o PP que vote en contra do regulamento ó non ser apoiado polos grupos da oposición.

A **Sra. Aguíñ Pombo** manifestou que había que votar antes a proposta do Sr. Rodríguez Lorenzo sobre si o asunto debía quedar sobre a mesa.

Sometida a votación a proposta de quedar sobre a mesa, foi aprobada por unanimidade de todos os asistentes.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que resultaba triste que haxa unanimidade para que as cousas non funcionen.-----

159: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA “ORDENANZA POLA QUE SE REGULAN AS MEDIDAS PARA COMPATIBILIZAR A NORMAL CONVIVENCIA E O LECER NAS VÍAS E OUTROS LUGARES PÚBLICOS DO CONCELLO DE SANXENXO”. Antes de tratar este punto, a **Sra. alcaldesa** manifestou que este asunto foi incluído na orde do día, aínda sen informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais por razóns de urxencia.

Sometida a urxencia a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (Grupo Municipal do PP).

Abstencións: sete (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, ratificouse a inclusión e de acordo co artigo 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, pasouse a debater o asunto.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que aínda estaba asombrado por coñecer que a iniciativa do regulamento orgánico municipal, tratado no punto anterior, non fose do goberno local, senón dos outros dous grupos da oposición.

Xa en relación coa ordenanza deste punto leu o seguinte escrito:

“”Punto 3 – 19.06.08

La ordenanza que nos someten a aprobación en el día de hoy constituye un ejemplo de norma ilegal, más allá de lo legítimo e incluso oportuno que pueda resultar para tratar de atajar (en lo que si estamos de acuerdo) el problema suscitado con el consumo de bebidas alcohólicas en la vía pública y la excesiva concentración de personas en lugares y espacios públicos ocasionando trastornos no solo de orden público sino de la necesaria tranquilidad y sosiego de los vecinos.

Es una norma ilegal por cuanto limita el derecho a reunión recogido en la Ley Orgánica 9/1983 de 15 de julio, y que fue expresado como fundamental en el artículo 21 de la Constitución Española; y lo es porque no comprende la categoría de la ley Orgánica única forma legislativa a través de la cual se pueden limitar los reconocidos como derechos fundamentales en la constitución.

Esto quiere decir, que las impugnaciones de las sanciones dictadas al amparo de la norma que hoy aprobamos tienen todos los visos de prosperar, y que la vida de, no ya solo esta regulación sino otras gemelas que en la actualidad comienzan a proliferar por nuestras geografías tienen los días contados.

La solución pasa por que los Concellos de España, que todos tienen en mayor o menor medida este problema, sepamos concienciar al Parlamento del Estado a fin de que apruebe una modificación de la Ley Orgánica 1/1992 de Protección de la Seguridad Ciudadana, en donde se tipifiquen como infracción algunos de los supuestos previstos en esta ordenanza, sumando el alcohol en la vía a la prohibición actual que consta en dicha norma de consumo de sustancias estupefacientes, con las salvedades que constan en la ordenanza que se nos somete a aprobación (autorizaciones municipales, fiestas, etc.....).

Todo lo demás, incluido el documento que se nos somete a aprobación, carece de la eficacia que se pretende al constituir un medio legal para el control del problema.

Entendemos la inquietud ciudadana y la compartimos, incluso los motivos y tipificaciones que constan en esta ordenanza, pero su limitación fuera de la Ley Orgánica es sencillamente ilegal, y por ello al final no va a propiciar el objetivo perseguido.

VIPS, le pediría que la llevase a comisión informativa (por la que no pasó aún) y que entre todos la mejorásemos, además de que nos gustaría que juristas, expertos, la analizasen en la línea de los anteriormente expuesto; pero como sabemos que a eso Ustedes no están dispuestos, esta vez les vamos a votar a favor; pero quedan advertidos de que esta ordenanza solo será humo producto de las cosas mal hechas.””

Rematada a lectura manifestou que ía apoiar a ordenanza aínda tratándose dun asunto difícil de solucionar e preguntouse, ó falar das competencias das administracións, “quen lle pon o cascabel ó gato”.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que dentro do regulamento en si, non era o mellor o apartado das sancións económicas, porque sempre era preferible prever, educar e informar que sancionar. Engadiu que o asunto do “botellón” era un problema que afecta tanto os xoves como as súas familias e rematou dicindo que aínda estando de acordo coa ordenanza, se ían abster, polo apartado sancionador.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que o seu grupo ía apoiar a ordenanza esperando que beneficie a súa aplicación. Engadiu que botaba en falta o ofrecemento ós xoves dalgunha alternativa para o seu tempo de lecer, porque esas reunións para beber e charlar son un xeito de protestar contra a sociedade actual. Rematou dicindo que consideraba necesaria a ordenanza.

O **Sr. Casal Modes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, manifestou que se pretendía lograr que o ocio fora de calidade e compatibilizar a diversión co dereito das persoas a descansar. Engadiu que a ordenanza non ten afán recadatorio senón disuasorio (como as multas de tráfico) e que na redacción do texto traballaron de arreo a psicóloga, o avogado de disciplina urbanística, o concelleiro de deportes, o concelleiro de seguridade, o inspector da Policía Local e el mesmo para acadar un obxectivo educacional e de información. Indicou que a través do plan de prevención de drogodependencias ofrecíanse diversas actividades de dinamización xuvenil. Rematou dicindo que a decisión de redactar a ordenanza fora adoptada porque da lei galega sobre esta problemática nada se sabe a pesar das reunións dos representantes da xunta cos alcaldes das grandes cidades (“non se pode non facer nada”, dixo).

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que tódolos concelleiros de España estaban de acordo en regular este problema da sociedade. Díxolle ó Sr. Casal Modes que lle parecía ben que se traballara neste tema e comentou que “ía botarlle unha man” porque aínda que o texto podía ser discutible por razóns de legalidade ou “alegalidade” había que esperar os resultados. Rematou dicindo que, de tódolos xeitos, non estaba moi convencido de que o texto estivera ben feito.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que non se pretendía a prohibición en si, considerando o regulamento un arma máis para traballar cos xoves (outra era, por exemplo, o Plan de Prevención de Drogodependencias). Engadiu que levaba tres anos esperando polo borrador da lei galega e Sanxenxo non podía demorarse máis para aprobar un texto que esperaba que entrase en vigor no vindeiro mes de agosto. Expuxo que estaba de acordo co BNG en canto á problemática dos xoves e que estes tiñan dereito de reunirse ó aire libre, pero que había que concenciar ós chavales do perigoso que resulta mesturar alcol e outras substancias, os problemas destas prácticas para a saúde dos menores, etc. Rematou dicindo que non todo quedaba solucionado coas sancións e precisamente anunciou o comezo dunha campaña de formación e divulgación sobre os riscos do alcol e das drogas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** solicitou que se introducira o tema “alcólicos” nos artigos 1 e 4 da ordenanza, o que foi aceptado por tódolos concelleiros.

En consecuencia, os artigos 1 e 4 quedan redactados da seguinte maneira:

“Artigo 1.- Obxecto.

Constitúe o obxecto da presente ordenanza establecer a prohibición do consumo de bebidas alcohólicas nas vías e outros lugares públicos do concello de Sanxenxo, co fin de garantir a convivencia e a seguridade cidadás, o dereito á intimidade e o descanso no domicilio, a protección dos menores e, a utilización ordenada de devanditas vías e espazos públicos, protexendo a libre utilización destes últimos pola cidadanía e evitando a alteración da convivencia cidadá.

Pretende ademais, e dentro das competencias que se atribúen ao concello, a prevención do abuso do alcohol no ámbito territorial do termo municipal.

Artigo 4.- Actividades prohibidas.

1.- Queda prohibida a permanencia e concentración de persoas nas vías e espazos públicos consumindo bebidas alcohólicas e en especial cando devanditas concentracións leven a cabo entre as 22:00 e as 08:00 horas do día seguinte, alterando a normal convivencia cidadá.

2.- Queda prohibida a venda, distribución e subministración de bebidas alcohólicas en vías e zonas públicas, incluso desde vehículos automóbiles, caravanas, carros, barracas ou similares, realícense a título oneroso ou gratuíto, excepto nos supostos autorizados expresamente polo concello.

3.- Queda prohibida a venda, distribución e subministración de bebidas alcohólicas, destinadas ao consumo fora do propio establecemento de venda, entre as 22:00 e as 08:00 horas do día seguinte, con excepción dos supostos de veladores e terrazas de establecementos dedicados a restauración ou hostalería.””

Sometida esta ordenanza a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: tres (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, a corporación municipal en Pleno aprobou, por maioría, esta ordenanza coas modificacións antes reflectidas nos artigos 1 e 4.

A **Sra. alcaldesa** díxolle ó Sr. Rodríguez Lorenzo que se tomara algún café menos podería facer máis suxestións na comisión informativa.-----

160: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, O CONCELLO DE SANXENXO E A XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL DO SU-15 DO PXOM DE SANXENXO PARA EXECUCIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO. Polo Sr. secretario dáse lectura ó ditameda Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, O CONCELLO DE SANXENXO E A XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL Nº 15 DO P.X.O.M. DE SANXENXO PARA EXECUCIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS AO PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO.- Polo interventor dase conta de que no expediente consta o protocolo asinado entre a conselleira de política territorial, obras públicas e transportes e a alcaldesa de Sanxenxo de data 26 de maio de 2008. Consta no expediente informe da intervención xeral de data 10 de xuño de 2008 común a este convenio e á mutación demanial, dando lectura á proposta da alcaldía de data 11 de xuño de 2008 que, copiada literalmente di:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, O CONCELLO DE SANXENXO E A “XUNTA DE COMPENSACIÓN DO

PLAN PARCIAL Nº 15 DO PXOM DE SANXENXO" PARA EXECUCIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO.

Con data 26 de maio de 2008 asinouse, entre esta alcaldía e a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, D^a M^a José Caride Estevez, un protocolo para a execución do enlace do parque empresarial de Sanxenxo, onde ven incluído un texto de convenio. Sobre un orzamento total de execución estimado de 3.500.000 euros o Concello de Sanxenxo comprométese a contribuír con 1.500.000 euros, a Xunta de Galicia con idéntica cantidade dos orzamentos xerais da comunidade autónoma do ano 2008, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Xunta de Compensación do SU-15 con 500.000 euros. Levará toda a xestión do contrato dita consellería.

Este concello mediante o convenio pon a disposición, libres de cargas e gravames, a favor da referida consellería, os terreos de dominio público para reserva de sistema xeral viario no ámbito do solo urbanizable nº 15 (19.476 m²) que son necesarios para a normal execución das obras que permitan materializar a obra de desdoblamento da autovía do Salnés, e a construción do enlace da mesma co parque empresarial e a conexión da autovía coa parroquia de Vilalonga, a través dun vial previsto no PXOM. Poren, na cláusula segunda do convenio non figura que estes terreos tamén son necesarios para a obra xeral de desdoblamento da autovía e o entronque da vía de alta capacidade do Salnés co sistema viario, para conectar co resto da comarca a través dos lugares de Altamira e Xuncabranca na parroquia de Vilalonga.

As dúas administracións asumen os seguintes compromisos:

- Realizar os trámites que, esixidos pola normativa patrimonial, permitan levar a cabo a transferencia efectiva da titularidade dos devanditos terreos de forma gratuíta e incondicionada a favor da Xunta de Galicia.
- A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes realizará as actuacións necesarias para deixar sen efecto o expediente expropiatorio en canto afectou os terreos incluídos no plano antes mencionado.
- Proceder ós trámites necesarios para desistir de calquera acto procesual interposto en calidade de demandante e/ou recorrente en relación á titularidade dos terreos mencionados en calquera ámbito xurisdiccional.

Analizado o expediente, esta alcaldía, propón ó Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, O CONCELLO DE SANXENXO E A "XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL Nº 15 DO PXOM DE SANXENXO" PARA EXECUCIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO, e tal como figura no mesmo e que están reflectidas no protocolo asinado con anterioridade, e que consta dunha exposición de motivos e nove cláusulas, asumindo o concello os compromisos que figuran no texto.

SEGUNDO: de conformidade co texto do documento, o presente convenio ten a consideración de finalizador do procedemento administrativo para recuperación de oficio dos terreos do concello para reserva de sistema xeral viario no ámbito do solo urbanizable nº 15, por terminación convencional, de acordo co disposto no artigo 88.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

TERCEIRO: facultar á alcaldesa-presidenta, en nome e representación deste concello, para a sinatura deste convenio.

CUARTO: remitir certificación deste acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para os efectos oportunos."

Consta no expediente informe da secretaría xeral de data 12.06.08 fiscalizado favorablemente pola intervención con data 13.06.08.

Dase lectura á modificación da proposta da alcaldía de data 11.06.08 que copiada literalmente di:

“MODIFICACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDIA DE 11/06/08 SOBRE O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, O CONCELLO DE SANXENXO E A “XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL Nº 15 DO PXOM DE SANXENXO” PARA EXECUCIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO.

Para aclarar aspectos relacionados coa achega municipal para realizar o enlace, cómpre engadir outro punto á parte dispositiva da referenciada proposta, co seguinte texto:

“TERCEIRO: comprometerse a que o Concello de Sanxenxo asuma a achega de 1.500.000 euros para a realización da obra do enlace, nos termos expostos no informe da intervención xeral, ben sexa, por incorporación no orzamento prorrogado (despois substituíble no definitivo) ou ben, consignando no orzamento definitivo de 2008 esta cantidade.”

En consecuencia os apartados TERCEIRO E CUARTO, pasan a ser CUARTO e QUINTO, respectivamente“.

Pola sra. Aguíñ Pombo solicítase do interventor aclaración ao apartado 6 do seu informe dos compromisos económicos con referencia á dotación de crédito no orzamento prorrogado sobre a base financeira do patrimonio público do solo, así como a lixeira incorrección da estabilidade orzamentaria que se produciría no orzamento definitivo do 2008 que tería que abserber a operación realizada no prorrogado, aclarándolle o interventor os movementos contables que sería necesario facer.

Non se produce debate e sometido o asunto a votación polo sistema de voto ponderado acordado polo Concello Pleno de 09.07.07, acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (Grupo municipal do P.P.)

Votos pola abstención: Seis (Grupo municipal do B.NG., grupo municipal socialista de Sanxenxo e grupo municipal mixto)

En consecuencia, a comisión, por maioría acorda propoñer ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, O CONCELLO DE SANXENXO E A “XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL Nº 15 DO PXOM DE SANXENXO” PARA EXECUCIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO, e tal como figura no mesmo e que están reflectidas no protocolo asinado con anterioridade, e que consta dunha exposición de motivos e nove cláusulas, asumindo o concello os compromisos que figuran no texto.

SEGUNDO: de conformidade co texto do documento, o presente convenio ten a consideración de finalizador do procedemento administrativo para recuperación de oficio dos terreos do concello para reserva de sistema xeral viario no ámbito do solo urbanizable nº 15, por terminación convencional, de acordo co disposto no artigo 88.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

TERCEIRO: comprometerse a que o Concello de Sanxenxo asuma a achega de 1.500.000 euros para a realización da obra do enlace, nos termos expostos no informe da intervención xeral, ben sexa, por incorporación no orzamento prorrogado (despois substituíble no definitivo) ou ben, consignando no orzamento definitivo de 2008 esta cantidade.

CUARTO: facultar á alcaldesa-presidenta, en nome e representación deste concello, para a sinatura deste convenio.

QUINTO: remitir certificación deste acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para os efectos oportunos.”

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, antes de tomar a palabra manifestou que o ROM, que non foi aprobado na sesión, establecía que non podería falar de primeiro.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o regulamento orgánico estaba sen aprobar e que podía intervir de primeiro como o fixo sempre.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** anunciou que ía votar a favor do convenio non só polo enlace en si, senón tamén porque se posibilitaba un novo vial ata Xuncabranca en Vilalonga. Engadiu que esta estrada era imprescindible para “descargar”o tráfico da PO-504. Lembrou que a alcaldesa había dito no seu día no pleno, que o enlace non ía custar un euro ó concello, pero comprendía que, ás veces, se din cousas que logo non se poden cumprir. Tamén dixo que o concello ó renunciar ó importe da expropiación dos terreos era a parte que máis diñeiro achegaba e que lle gustaría que estivesen no salón os empresarios do polígono como o fixeron outras veces. Considerou que o parque empresarial ía a “paso de tartaruga” e que por iso algúns empresarios foron abandonando a idea de instalarse no polígono pola lentitude. Rematou dicindo que esperaba que o futuro parque fora bo para todos pero pregoulle a alcaldesa que esixa ós promotores para que se entregasen as instalacións nas mellores condicións (depuración, subministro de enerxía eléctrica, etc....) xa que , o seu xuízo, parece que había “maruxía por detrás”.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que simplemente en menos de un ano pasouse dun extremo ó outro, pois de dicir a alcaldesa que non íamos pagar “nin un euro” nun pleno entre aplausos, agora pasamos a achegar 1.500.000,00 €e o importe das novas expropiacións do enlace.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o concello só cedía os 19.000 metros da súa propiedade e non asumía obrigas en relación con outros terreos.

A **Sra. Aguíñ Pombo**, reiterou o dito en canto ó cambio do extremos, engadindo que non entende cales foron as xestións realizadas pola alcaldesa. Indicou que as formas non foron as idóneas e que ceder terreos a cambio de nada é doado. Rematou dicindo que agora o concello tiña que pagar e lembrou que en Barro, Bueu ou Salvaterra a Xunta de Galicia abonou integramente accesos a parques empresariais.

A **Sra. alcaldesa** indicoulle á concelleira socialista que pregunte por estas cuestións na CPTOPT.

A **Sra. Aguíñ Pombo**, manifestou que tanto o alcalde anterior, Telmo Martín, como o ex concelleiro, Núñez Feijoó, deixáronos en Sanxenxo “un embolado” no tema dos accesos ó parque xa que non foi asumido o enlace ó mesmo.

A **Sra. alcaldesa** preguntalle a Sra. Aguíñ se os Sres. Feijoó e Martín deixaron fondos previstos para financiar outros enlaces e salientou, ante a falta de resposta, que a concelleira socialista non contestou á pregunta formulada.

A **Sra. Aguín Pombo**, manifestou que o enlace custáballe o Concello de Sanxenxo 1.500.000,00 € que significaban 14.000,00 Ptas. por veciño e que iso era unha xestión nefasta. Engadiu que se a alcaldesa fora presidenta do consello de administración dunha empresa privada estaría fóra. Tras dicir que se dilapidaban os recursos municipais anunciou que o seu grupo non ía votar a favor da proposta.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que a papeleta era agora da alcaldesa, que tiña que explicarlle o problema ós veciños. Indicou que primeiro dixo unha cousa e despois outra (“Donde digo digo, digo Diego”, afirmou) aínda que os veciños non van sentir as 14.000,00 Ptas. das que fala a concelleira socialista. Cualificou de “farragoso” todo este asunto do enlace pois primeiro se falou de 23.000 m² e agora de 19.000 m², e manifestou que só se falaba de “millóns e de millóns”. Preguntou se os terreos da parte norte do enlace debía abonalos a xunta ou nos.

A **Sra. alcaldesa**, confirmou que corresponde abonalos á Xunta de Galicia.

O **Sr. Fernández Lores**, manifestou que o BNG tratou de facer xestións para que nin a Xunta de Galicia nin o Concello de Sanxenxo achegaran cantidades para facer fronte ó custo deste enlace que sabía que se ía facer, lembrando que xa habían indicado quen debía pagar o enlace. Rematou dicindo que chegaron a un acordo dúas mulleres “de carácter” para facer política, e que o seu grupo non apoiaba o convenio.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, resaltou a importancia do convenio que fora froito da brillante xestión da alcaldesa. Rexeitou os argumentos do BNG e do PS de G-PSOE, criticando que o Sr. Fernández Lores, que se definía como un “vilalongues de pro”, non se refira a estrada que vai chegar ata Vilalonga. Cualificou como triste o papel da Consellería de Vivenda e Solo nesta cuestión, e acusou ós representantes nacionalistas e socialistas na corporación que estiveran nesta problemática máis a carón da Xunta de Galicia que dos veciños.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, díxolle o Sr. Casal Moldes que a alcaldesa non estivo tan brillante (“estivo no tema, e punto”, afirmou).

A **Sra. Aguín Pombo**, manifestou que a postura do PS de G-PSOE estaba máis clara e a continuación houbo un breve debate entre a voceira socialista e a alcaldesa sobre unha intervención da primeira na véspera do pleno nun programa de TV Salnés onde opinara sobre o enlace do polígono.

A **Sra. alcaldesa**, manifestou que era un éxito importante conectar unha vía de alta capacidade, como era a autovía do Salnés, con Vilalonga e con Nantes a través do enlace do polígono recollido no PXOM. Lembrou que no seu día acusaron os membros da oposición de impedir a entrada de máquinas nun terreo municipal (citou a frase de “foi como Napoleón coas tropas” como unha das que lle dixeron), pero que esa postura valeu moito. Engadiu que fixo todo o posible para que o concello non achegara cantidade algunha, pois lle parecía inxusto que a Xunta de Galicia gastara “centos de millóns” en accesos a outros polígonos e non aboen o de Sanxenxo. Moustrouse orgullosa do conseguido, afirmando de que o diñeiro do concello vai ser dos beneficios obtidos polo desenvolvemento urbanístico do parque empresarial. Indicou que non quería entrar nun “dixome-dixome” coa Sra. Aguín Pombo. Rematou dicindo que os nacionalistas e os socialistas sempre

trataron de enredar, de marear e de poñer cambadelos para que o enlace non fose adiante pero que iso “era tirar pedras contra o noso tellado”.

Sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: seis (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, a corporación municipal en pleno, por maioría adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, O CONCELLO DE SANXENXO E A “XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL Nº 15 DO PXOM DE SANXENXO” PARA EXECUCIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO, e tal como figura no mesmo e que están reflectidas no protocolo asinado con anterioridade, e que consta dunha exposición de motivos e nove cláusulas, asumindo o concello os compromisos que figuran no texto.

SEGUNDO: de conformidade co texto do documento, o presente convenio ten a consideración de finalizador do procedemento administrativo para recuperación de oficio dos terreos do concello para reserva de sistema xeral viario no ámbito do solo urbanizable nº 15, por terminación convencional, de acordo co disposto no artigo 88.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

TERCEIRO: comprometerse a que o Concello de Sanxenxo asuma a achega de 1.500.000 euros para a realización da obra do enlace, nos termos expostos no informe da intervención xeral, ben sexa, por incorporación no orzamento prorrogado (despois substituíble no definitivo) ou ben, consignando no orzamento definitivo de 2008 esta cantidade.

CUARTO: facultar á alcaldesa-presidenta, en nome e representación deste concello, para a sinatura deste convenio.-----

161: MUTACIÓN DEMANIAL INTERSUBXECTIVA DE TERREOS DO CONCELLO DE SANXENXO A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA (PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES). Polo Sr. secretario dáse lectura ó ditameda Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“MUTACIÓN DEMANIAL INTERSUBXETIVA DE TERREOS DO CONCELLO DE SANXENXO A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA (PARQUE EMPRESARIAL NANTES).- Dase conta da proposta da alcaldía de data 11.06.08 que, copiada literalmente, di:

“MUTACIÓN DEMANIAL INTERSUBXETIVA DE TERREOS DO CONCELLO DE SANXENXO A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

O Concello de Sanxenxo é propietario duns terreos de dominio público cunha superficie de 19.476 m² para reserva de sistema xeral viario no ámbito do solo urbanizable nº 15. Estes terreos pasaron a ser de

dominio público municipal dende o 11 de outubro de 2005 no que se aprobou o proxecto de compensación de dito solo urbanizable.

Segundo a proposta de convenio a asinar coa consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes para execución do enlace de acceso da autovía do Salnés, cómpre transmitir ó patrimonio da Xunta de Galicia os 19.476 m², non só para o enlace do parque empresarial de Sanxenxo senón tamén para a obra xeral de desdoblamento da autovía e para a conexión desta vía de alta capacidade coa parroquia de Vilalonga, a través dun vial previsto no PXOM (ata Altamira e Xuncabranca).

O artigo 183 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas establece que éstas deben axustar as súas relacións recíprocas en materia patrimonial ó principio de lealdade institucional, observando as obrigas de información mutua, cooperación, asistencia e respecto ás respectivas competencias e ponderando no seu exercicio a totalidade dos intereses públicos implicados.

Analizado o expediente, os artigos 71, 72, 183,185, 186 e 187 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, a normativa de procedemento administrativo e de bens das entidades locais e actuando na defensa dos intereses públicos, esta alcaldía, propón ó Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar unha mutación demanial intersubxetiva, entre o Concello de Sanxenxo e a Xunta de Galicia, de xeito que pasa a titularidade do órgano da administración autonómica, en concepto de ben de dominio público, a seguinte parcela de dominio público de 19.476 m² para reserva de sistema xeral viario no ámbito do solo urbanizable nº 15:

- Lindeiros:

Norte: regato de Pedroño a Chanca.

Sur: estrada pública local de O Santo a Pazos-Casal.

Leste: vía rápida VG-G4.1.

Oeste: fincas de resultado números: 25-26-27-28-29-97-98-99-100-101-102-103-104-105-124-193-194-195-196-197-198-199-200-201-202-203-204-205-206-207-208- zona verde 6 – 209-210-211 e 212.

SEGUNDO: esta mutación demanial, e a correspondente cesión da titularidade dos terreos, ten carácter gratuíto e incondicionado a favor da Xunta de Galicia, figurando as obrigas da mesma no texto do convenio antes reflectido por mor das obras na autovía do Salnés.

TERCEIRO: ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de vinte días, a efectos de reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de non presentarse algunha.

CUARTO: a cesión de titularidade dos terreos requirirá a sinatura dun acta con intervención de representantes de ámbalas dúas administracións”.

Consta no expediente informe da secretaría xeral de data 12.06.08 fiscalizado favorablemente pola intervención xeral con data 13.06.08

Non se produce debate e sometido o asunto a votación polo sistema de voto ponderado acordado polo Concello Pleno de 09.07.07, acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (Grupo municipal do P.P.)

Votos pola abstención: Seis (Grupo municipal do B.NG., grupo municipal socialista de Sanxenxo e grupo municipal mixto)

En consecuencia, a comisión, por maioría acorda propoñer ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar unha mutación demanial intersubxetiva, entre o Concello de Sanxenxo e a Xunta de Galicia, de xeito que pasa a titularidade do órgano da administración autonómica, en concepto de ben de

dominio público, a seguinte parcela de dominio público de 19.476 m² para reserva de sistema xeral viario no ámbito do solo urbanizable nº 15:

- Lindeiros:

Norte: regato de Pedroño a Chanca.

Sur: estrada pública local de O Santo a Pazos-Casal.

Leste: vía rápida VG-G4.1.

Oeste: fincas de resultado números: 25-26-27-28-29-97-98-99-100-101-102-103-104-105-124-193-194-195-196-197-198-199-200-201-202-203-204-205-206-207-208- zona verde 6 – 209-210-211 e 212.

SEGUNDO: esta mutación demanial, e a correspondente cesión da titularidade dos terreos, ten carácter gratuíto e incondicionado a favor da Xunta de Galicia, figurando as obrigas da mesma no texto do convenio antes reflectido por mor das obras na autovía do Salnés.

TERCEIRO: ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de vinte días, a efectos de reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de non presentarse algunha.

CUARTO: a cesión de titularidade dos terreos requirirá a sinatura dun acta con intervención de representantes de ámbalas dúas administracións.”

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que “estes 19.000 e pico metros” eran legalmente do concello, pero moralmente non, porque foron cedidos pola Xunta de Compensación do SU-15 para este fin e non para lucrarse. Anunciou que ía votar favorablemente á proposta.

Tamén anunciou a **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo,** o voto favorable do seu grupo dicindo que se felicitaba pola cesión e que, incluso, había consultado no diccionario o termo “mutación” porque lle gustaba e se utilizaba para os seres vivos.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, quixo deixar claro que para ceder terreos hai que ser propietario dos mesmos.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que esta mutación (así é o termo legal, dixo) era a consecuencia do convenio tratado no punto anterior para cumprir os compromisos asumidos. Fixo para rematar unha breve referencia a futura retirada de recursos e demandas por parte das administracións relativos ós terreos do concello ocupados polas obras de desdoblamento da autovía.

Sometido o ditame a votación foi aprobado por unanimidade, e en consecuencia, a corporación municipal en Pleno, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar unha **mutación demanial intersubxetiva, entre o Concello de Sanxenxo e a Xunta de Galicia,** de xeito que pasa a titularidade do órgano da administración autonómica, en concepto de ben de dominio público, a seguinte parcela de dominio público de 19.476 m² para reserva de sistema xeral viario no ámbito do solo urbanizable nº 15:

- Lindeiros:

Norte: regato de Pedroño a Chanca.

Sur: estrada pública local de O Santo a Pazos-Casal.

Leste: vía rápida VG-G4.1.

Oeste: fincas de resultado números: 25-26-27-28-29-97-98-99-100-101-102-103-104-105-124-193-194-195-196-197-198-199-200-201-202-203-204-205-206-207-208- zona verde 6 – 209-210-211 e 212.

SEGUNDO: esta mutación demanial, e a correspondente cesión da titularidade dos terreos, ten carácter gratuíto e incondicionado a favor da Xunta de Galicia, figurando as obrigas da mesma no texto do convenio antes reflectido por mor das obras na autovía do Salnés.

TERCEIRO: ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de vinte días, a efectos de reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de non presentarse algunha.

CUARTO: a cesión de titularidade dos terreos requirirá a sinatura dun acta con intervención de representantes de ámbalas dúas administracións.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e unha horas e corenta minutos, de todo o que, eu secretario, **dou fe:**